

Cariño Mariñeiro é unha iniciativa que ten como finalidade a posta en valor do patrimonio vinculado ao mar. A través destes itinerarios autoguiados, locais e visitantes poden coñecer algúns dos oficios do mar, ademais das contornas naturais que conforman a memoria mariñeira do territorio de Cariño.

Os percorridos son urbanos e no litoral, poden realizarse camiñando ou en BTT e son aptos para todos os públicos.



@visitacarino



Concello de Cariño



@ConcelloCarino



www.visitacarino.gal

O municipio de Cariño, xunto con Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, atópanse impulsando a candidatura a Xeparque Mundial da UNESCO. As rochas sobre as que camiñas nestes percorridos son o resultado do proceso da Oroxenia Varisca de fai 350 millóns de anos. Existen no territorio 108 Lugares de Interese Xeolóxico, ó deles de relevancia internacional.

O proxecto Cariño Mariñeiro é unha proposta turística impulsada polo Concello de Cariño. Esta é posible grazas ao apoio económico do GALP A Mariña – Ortegal e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)



SENDEIRISMO E BTT

Descubre o patrimonio mariñeiro e a contorna litoral de Cariño



QR WIKILOC



Toda a información das rutas e vídeos testemuño



CARIÑO – SAN XIAO DO TREBO – CABO ORTEGAL

Esta **ruta lineal**, que parte do centro da vila de Cariño, ofrece un percorrido costeiro de gran valor paisaxístico. A ruta atravesa o casco vello de Cariño, ata chegar ao Camiño Vello de San Xiao, sendeiro con vexetación en galería de gran beleza. Este sendeiro desemboca na capela de San Xiao de Trebo, enlazando co camiño que nos leva de maneira directa ao Cabo Ortegal e os seus Aguillóns.

- Distancia:** 4,5 km (Só ida)
- Dificultade:** Media
- Duración:** 1,5 h ida
- Punto de inicio:** Casa do Concello de Cariño
- Punto final:** Cabo Ortegal

MIRADOR A MALVEIRA – VIXÍA DA HERBEIRA / A MIRANDA

Dende o miradoiro da Malveira comeza esta **ruta lineal** pola serra da Capelada, podendo escoller como destino o miradoiro de Vixía da Herbeira onde imperan os cantís máis altos de Europa continental ou o miradoiro da Miranda, dende onde se obtén unha perspectiva completa da ría de Ortigueira, gran xoia ambiental do territorio.

- Distancia:** 11 km (Vixía da Herbeira) / 12 km (A Miranda)
- Dificultade:** Alta
- Duración:** 3 h ida (Vixía da Herbeira) / 3,5 h ida (A Miranda)
- Punto de inicio:** Miradoiro da Malveira
- Punto final:** Miradoiro Vixía da Herbeira / Miradoiro A Miranda

CARIÑO – FIGUEIROA

Esta **ruta circular** parte dende o núcleo urbano de Cariño e rodea o Monte Mazanteo. Ofrece un percorrido panorámico polas dúas vertentes do seu relevo: ao sur e sueste, a ría de Ortigueira coa illa de San Vicente e ao norte, a vila de Cariño co pico Faroleiro e o pico Gargacido ao fondo da panorámica. Ademais, a praia de Fornos ou a punta de Frade son dúas opcións de visita neste percorrido.

- Distancia:** 9 km
- Dificultade:** Baixa
- Duración:** 1,5 h
- Punto de inicio e final:** Casa do Concello de Cariño

NA CONSERVA DA MEMORIA

Esta **ruta circular** ofrece un paseo polo casco vello de Cariño. Unha vila adaptada a unha paisaxe e a unhas condicións territoriais concretas, reflexo dunha vida que sempre xirou en torno ao mar. A singularidade arquitectónica mariñeira, os miradoiros urbanos e un pequeno percorrido pola historia da industria conserveira e pesqueira son algúns dos puntos de interese deste percorrido.

- Distancia:** 6,5 km
- Dificultade:** Baixa
- Duración:** 2 h
- Punto de inicio e final:** Casa do Concello de Cariño

MADEIRA DE MARIÑEIRO

O litoral das parroquias de Feás, Landoi e Sismundi é o protagonista desta **ruta circular**. Destacan neste percorrido: os oficios tradicionais, como a carpintería de ribeira ou a extracción de marisco, os antigos embarcadiros de transporte de pasaxeiros a Ortigueira ou as plantacións de mazás de Olla Landoi. Ademais, este percorrido ofrece unha panorámica de parte da ría de Ortigueira, xoia ambiental baixo a figura de protección Rede Natura 2000 e zona húmida de importancia internacional RAMSAR.

- Distancia:** 10 km
- Dificultade:** Media
- Duración:** 3 h
- Punto de inicio e final:** Aparcadoiro Hotel Pedramea (Feás)